

ACORDO DA FEGAMP EN RELACIÓN Á REDUCIÓN DE SALARIOS DOS CARGOS ELECTOS E ALTOS CARGOS LOCAIS

No marco do Real decreto-lei aprobado polo Consello de Ministros celebrado o 20 de maio de 2010, publicado no BOE, nº 126, do 24 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reducir o déficit público, a Comisión Executiva da FEGAMP na súa reunión de 1 de xuño de 2010, decidiu facer súa a recomendación da FEMP neste sentido, e consecuentemente ACORDAN

Recomendar a tódolos Concellos e Deputacións a aplicación da medida de redución dos salarios de Alcaldes/as e Presidentes, Concelleiros/as, Deputados/as e, así como Altos Cargos dos Gobernos Locais.

Os criterios orientativos aplicaranse igualmente á redución dos salarios dos Presidentes, Vicepresidentes e Directivos de empresas públicas.

A devandita redución aplicarase utilizando os mesmos criterios e escalas establecidas polo Goberno de España para a Administración Xeral do Estado (AXE).

As reducións salariais, estableceranse de forma individual e con criterios de progresividade, e para o seu cálculo tomarase como base a contía da retribución efectivamente percibida conforme ás seguintes porcentaxes:

- Redución dun 15 por 100 para retribucións salariais que se correspondan cos salarios dos Ministros ou Presidente do Goberno.
- Redución dun 10 por 100 para retribucións salariais que se correspondan cos salarios dos Secretarios de Estado.
- Redución dun 9 por 100 para as retribucións salariais que se correspondan cos salarios dos Subsecretarios da AXE.
- Redución dun 8 por 100 para as retribucións salariais que se correspondan cos salarios dos Directores Xerais da AXE.
- Redución entre un 0,56 por 100 e un 7 por 100 para aquelas retribucións salariais que coincidan cos salarios dos empregados públicos da AXE que se establezan no Real decreto-lei.

As devanditas reducións faranse efectivas na nómina do mes de xuño, e os salarios quedarán conxelados para o ano 2011.

Aplicando os criterios adoptados no Real decreto-lei quedarán exentas de redución as retribucións que se correspondan coas exencións establecidas no mesmo para os funcionarios.

ANEXO

REDUCIÓNS SALARIAIS ORIENTATIVAS PARA ALCALDES, CONCELEIROS, PRESIDENTES DE DEPUTACIÓN, DEPUTADOS PROVINCIAIS E ALTOS CARGOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

SALARIO TOTAL	CARGOS AXE	REDUCIÓN %
Entre 81.155,04 € e 91.982, 40 € ou superior	Ministros e Presidente do Goberno	15,00%
Entre 73.682,84 € e 81.155,04 €	Secretario de Estado	10,00%
Entre 64.606,48 € e 73.682,84 €	Subsecretario e asimilado	9,00%
Entre 54.615,68 € e 64.606,48€	Director Xeral e Asimilado	8,00%

A título orientativo e para cubrir o tramo que vai desde 54.615,68 € ao que se lle aplica o 8%, ata o de 13.935,60 € ao que se lle aplica o 4,5 %, reflíctense as seguintes opcións:

SALARIO TOTAL	REDUCIÓN %
Entre 54.615,68 € e 41.055,65 €	7,00 %
Entre 41.055,65 € e 27.495,63 €	6,00 %
Entre 27.495,63 € e 13.935,60 €	5,00 %

SALARIO BASE	FUNCIONARIOS POR GRUPOS (ver nota)	REDUCIÓN %
Entre 13.935,60 € e 11.827,08 €	A1	4.50 %
Entre 11.827,08 € e 10.264,44 €	A2	2,70 %
Entre 10.264,44 € e 8.816,52 €	B	2.00 %
Entre 8.816,52 € e 7.209,00 €	C1	2,00 %
Entre 7.209,00 € e 6.581,64 €	C2	0,25 %
Ata 6.581,64 €	E	0.00 %

NOTA:

Só se contemplan os salarios base posto que a redución que experimenten os complementos dependerá da estrutura do cadro de persoal de cada organización (a excepción do complemento de destino que se reducirá en tódolos casos nun 5%), xa que hai que acadar o obxectivo de reducir un 5% no conxunto da masa salarial de cada entidade local. Polo tanto, as porcentaxes de redución aplicables máis alá do salario base serán en función do que se establece no Real decreto-lei.

Os criterios orientativos aplicaranse aos Presidentes, Vicepresidentes e Directivos de Empresas Públicas.